



Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
(+34) 881 812 815
ilgsec@usc.gal

VINCULACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR AO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CANDIDATURAS ELIXIBLES

Esta convocatoria de expresións de interese para a vinculación ao ILG está dirixida a persoal con investigación en campos de interese para a actividade do ILG (lingüística, filoloxía, tecnoloxías lingüísticas, ensino de linguas, literatura, estudos culturais, filosofía, comunicación, historia, antropoloxía, socioloxía...) e aliñados cos eixos definidos na Axenda Científica do ILG. As figuras que poden solicitar a vinculación son as seguintes:

- Persoal docente e investigador (PDI) con relación estable e actividade investigadora coa USC (catedrático/a e titular de universidade, profesorado permanente laboral, profesorado axudante doutor, profesorado distinguido e profesorado emérito). No caso de profesorado axudante doutor, profesorado distinguido e profesorado emérito, a súa vinculación virá establecida pola vixencia da súa relación contractual coa entidade.
- Persoal investigador doutor de convocatorias de RRHH competitivas que posúa un compromiso de estabilización coa USC (por exemplo, Contratos Ramón y Cajal, Beatriz Galindo). O seu período de vinculación virá establecido pola vixencia da súa relación contractual coa entidade.

PROCESO DE SELECCIÓN

As expresións de interese serán persoais, xa que a vinculación aos Centros e Institutos de investigación da USC ten *carácter individual* (con independencia do grupo de investigación ao que pertenza a persoa candidata), e serán avaliadas por unha Comisión Asesora Externa atendendo aos méritos de investigación e á converxencia coas prioridades, cos obxectivos e coas liñas de investigación do ILG. Serán aprobadas polo Consello Científico e ratificadas pola Xunta de Goberno do ILG, segundo establece o Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, e os artigos 11 e 25 do Regulamento de Réxime Interno (RRI) do Instituto. A normativa da USC só permite a vinculación a un Centro/Instituto de investigación. A condición de persoal investigador vinculado manterase por un período mínimo de tres anos, de acordo co establecido no artigo 25 do citado regulamento.

ENVÍO DE SOLICITUDES

A data límite para a presentación de expresións de interese é o 30 de maio de 2025. As expresións de interese deben ser enviadas ao enderezo electrónico ilgsec@usc.gal, utilizando o formulario que se achega, acompañado do CVA dos últimos dez anos.